

4.- PANORAMA GALEGO DA INNOVACIÓN

No mercado global, onde a competencia é elevadísima e existen miles de produtos similares para cubrir as mesmas necesidades, a única vía para que unha empresa prospere é a **diferenciación**.

As entidades galegas xa non poden competir polos seus baixos custos, e teñen que apostar por destacarse entre as demais buscando o valor engadido dos seus produtos e servizos. O elemento chave para conseguilo é a Innovación. Iso cobra máis sentido nun momento no que estamos intentando superar unha crise económica mundial.

Para conseguilo, a sociedade ten que facer un esforzo común. Non se trata só de que as empresas creen os seus propios departamentos de I+D+i e invistan unha parte dos seus beneficios nel. Requírese un compromiso por parte da Adminis-

tración, por iso xa contamos con departamentos gubernamentais e institucionais adicados á innovación que apoian e subvencionan proxectos Innovadores.

As empresas colaboran entre sí asociándose en Centros Tecnolóxicos do seu sector económico, para que a investigación repercuta positivamente en todas, e que todas poidan abastecerse de profesionais, materiais, ou procesos Innovadores. As universidades súmanse a estes proxectos aportando a súa creación de coñecemento e os seus equipos investigadores.

Entre o ámbito académico, o empresarial e o institucional existen organismos intermedios que aglutinan e relacionan a

todas as organizacións para unir o seu traballo cara o obxectivo común da Innovación e para fomentar as sinerxias.

Trátase de todo un engranaxe organizativo no que cada peza é chave para o avance da sociedade.



XUNTA DE GALICIA: DIRECCIÓN XERAL DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

Dentro da Consellería de Economía e Industria está integrada a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, un órgano que ten como obxectivos a planificación, coordinación, ordenación e execución de proxectos dirixidos a fomentar a investigación en Galicia.

Esta Dirección Xeral tamén xestiona o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e fai un seguimento da Innovación na xestión dos sectores produtivos, das infraestruturas tecnolóxicas e da utilización da rede de ciencia e tecnoloxía de Galicia (Recetga), entre outras funcións.

Nunha sociedade onde a investigación é o eixo fundamental para o desenvolvemento das industrias é indispensable que as Administracións adiquen parte dos seus esforzos a fomentar esta materia. Os investigadores e as empresas precisan da colaboración pública para levar a cabo os proxectos de Innovación.



RETGALIA, Rede de Centros Tecnolóxicos

En Galicia contamos con 22 centros tecnolóxicos. RETGALIA pretende ser un mecanismo de traballo coordinado entre todos eles, de maneira que se aproveiten tódalas súas potencialidades, contribuíndo a alcanzar a calidade total no sistema galego de Innovación. Preténdese tamén favorecer o apoio ó desenvolvemento de accións precisas para a difusión do coñecemento, información e promoción da ciencia e a tecnoloxía, así como a prestación de servizos ás empresas.

Os Centros Tecnolóxicos Galegos divídense por sectores de actividade económica. Son os axentes dinamizadores da transferencia de tecnoloxía ás empresas, e polo tanto, os principais xeradores de Innovación. Son os responsables do impacto da I+D+i no tecido empresarial. O seu obxectivo final é ser un dos motores e elementos tractores da actividade investigadora no eido empresarial.

Entre estes centros destacan os tres Centros por Excelencia de Galicia: **AIMEN**, **ANFACO-CECOPECA** e **CTAG**



TECNÓPOLE, Parque Tecnolóxico de Galicia

Tecnópole é un recinto onde se poden encontrar os servizos máis avanzados para empresas de base tecnolóxica e perfil innovador. Ubicado en San Cibrao das Viñas (Ourense), está composto por 550.000m² dedicados á excelencia e a transferencia do coñecemento co obxectivo de fomentar o crecemento de calidade das empresas galegas e no aumento do valor engadido que poden ofrecer no mercado.

O Parque Tecnolóxico de Galicia reúne nas mesmas instalacións a Parques Tecnolóxicos (como o da madeira, a carne, a metalurxia, etc.), empresas, laboratorios, etc. fomentando a colaboración entre entidades e o aproveitamento de sinerxias entre sectores de actividade. Tecnópole é un lugar onde se respira I+D+i, algo así como a gran cidade galega da Innovación.



NEURONA, Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas

Neurona é a conexión entre as distintas Plataformas Tecnolóxicas de Galicia. A súa misión é facilitar o intercambio de información entre elas e ofrecer solucións efectivas ás súas necesidades.

Trátase dun foro de encontro para compartir novos datos e experiencias, para resolver os problemas detectados en conxunto, para facilitar a colaboración entre os integrantes das Plataformas Tecnolóxicas. Crea unha imaxe única da I+D+i galega ante os sectores chave da súa economía. A Innovación é moito máis efectiva se se traballa en equipo e se se aproveitan e coordinan os coñecementos de todos.



OFICINA DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE I+D+i (OPIDi)

Trátase dun organismo da Dirección Xeral de Investigación, que ten como fin incrementar a participación galega en proxectos mundiais de I+D+i. Presta servizos de asesoramento, apoio e promoción ás entidades galegas, potenciando a súa integración nos programas da UE e outras iniciativas internacionais.



UNIVERSIDADES

As tres universidades galegas (Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo) contribúen á Innovación ao servizo da sociedade, cos equipos de investigación de cada facultade e as súas Vicerreitorías de Investigación e Innovación. Participan en moitos proxectos dos axentes da Innovación galega e forman parte en múltiples casos dos Centros Tecnolóxicos.

Nelas destaca a **Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA)**, que é unha entidade de dereito privado sen fins lucrativos, que se adica ao desenvolvemento da economía e da sociedade galegas a través do fomento das relacións entre as empresas e as universidades. Os seus obxectivos son contribuír á mellora das capacidades empresariais, aplicar nas empresas os coñecementos e tecnoloxías dispoñibles nas universidades e mellorar a formación e cualificación dos cadros de persoal. Os seus servizos son: contratos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e asesoramento, formación e programas educativos, bolsas de prácticas en empresas, financiación, axudas e subvencións ou apoio a emprendedores.

As universidades son os centros onde se forman aos futuros profesionais de Galicia, e son fontes de coñecemento e intercambio de ideas fundamentais. Por esta razón o seu compromiso coa Innovación é imprescindible.



ORGANISMOS INTERMEDIOS como a FUNDACIÓN INNOVAPYME GALICIA

É unha organización de interese galego, sen ánimo de lucro. O seu obxecto é promover e contribuír eficazmente á investigación científica, así como ao desenvolvemento tecnolóxico e á Innovación en tódalas súas manifestacións, no ámbito de Galicia. O seu campo de actividades comprende o fomento, difusión, coordinación e promoción de cantas iniciativas de I+D+i sexan de interese para as pequenas e medianas empresas.

A vertebración das PYMES en torno a esta Fundación facilita a transferencia de coñecemento entre elas, a dispoñibilidade de traballadores cualificados e dotación de servizos comúns e a xeración de proxectos de investigación. Esta cooperación interempresarial axuda a paliar as desvantaxes das pequenas e medianas empresas fronte ás máis grandes.



PUBLICACIÓNS DE INNOVACIÓN: REVISTA INNOVAMÁS

É a primeira publicación periódica adicada á actualidade da Innovación en Galicia. Informa sobre os proxectos de investigación, as entidades Innovadoras e as súas iniciativas, subvencións e tódolos aspectos de interese relacionados co ámbito da Innovación. De distribución de balde, Innovamás chega a tódolos axentes do mundo da I+D+i galega.

